

# Obradoiros da Área de Cultura da Universidade da Coruña

## A Coruña

Obradoiro de iniciación á cociña / 30 horas / martes das 17:00 ás 20:00 h. / Centro de Formación Profesional IES, Paseo das Pontes, A Coruña / 50 euros para a comunidade universitaria, 70 euros público en xeral / créditos de libre elección / Elaboracións básicas de cociña. Iniciación á práctica culinaria con diversos ingredientes.

Profesorado da Escola de Formación Profesional de Hostalaría 2.º ciclo, coordinador: Xosé Pastoriza.

Obradoiro de creación con coiro / 30 horas / xoves das 18:30 ás 21:30 h. / Centro Cultural de Riazor, campus de Riazor, A Coruña / 40 euros para a comunidade universitaria, 60 euros público en xeral / créditos de libre elección / Iniciación á creación con coiro, aprender a usar as ferramentas para traballar este material.

Profesora: Gemma Pita, que posúe unha longa experiencia no traballo do coiro.

Obradoiro “Explorar a arte” / 30 horas / mércores das 18:00 ás 20:00 h. / Centro Cultural de Riazor, campus de Riazor, A Coruña / 40 euros para a comunidade universitaria, 60 euros público en xeral / créditos de libre elección / Achegamento ás claves para entender a arte moderna e contemporánea. Percorrido visual e conceptual polas últimas tendencias da arte para implicarmos a nosa mirada na experiencia envolvente da creación plástica contemporánea. Visitas guiadas aos museos, galerías e centros de arte da cidade.

Profesora: María Abia Rodríguez, especializada en arte contemporánea, con experiencia de traballo no Museo Granell, en Santiago de Compostela, e como coordinadora de exposicións en museos e galerías do sur de Italia.

Obradoiro de fotografía (perfeccionamento) / 30 horas / martes das 18:30 ás 21:30 h. / Centro Cultural de Riazor, campus de Riazor, A Coruña / 40 euros para a comunidade universitaria, 60 euros público en xeral / créditos de libre elección / Achegar o alumnado ao feito fotográfico, vendo a súa relación coas outras artes (cinema, pintura, literatura...) Coñecer o manexo de diferentes tipos de cámaras fotográficas, e dun xeito máis específico, coñecer o manexo e técnicas básicas da cámara réflex.

Profesor: Pablo Mella. Comezou como estudante de arquitectura, é fotógrafo por vocación. Posuidor dunha gran capacidade para a fotografía, xa fixo varias exposicións do seu traballo, entre as que salienta a feita na Bienal de Venecia.

Obradoiro de iniciación ás técnicas pictóricas / 30 horas / luns das 20:30 ás 22:00 h. e xoves das 16:00 ás 17:30 h. / Centro Cultural de Riazor, campus de Riazor, A Coruña / 50 euros para a comunidade universitaria, 70 euros público en xeral / créditos de libre elección / Achegamento ás diversas técnicas pictóricas dun xeito creativo e aberto ás inxerencias e tendencias de cada alumno e alumna (debuxo, acuarela, óleo, acrílico e pastel).

Profesora: Vanessa Lodeiro, artista nova cun excelente currículo, do que salientamos, no pasado ano 2009, exposicións na Galería Jadite, de Nova York, nas Feiras da Arte Galega, ou tamén nas galerías “Primera Planta” e “Arte Imagen”. Moita máis información sobre ela na páxina web <http://www.vlodeiro.com>